

## **NORMAS DA XORNADA GRATUITA “RAFTING NO RÍO MIÑO: CEQUELIÑOS-BARCELA” QUE SE REALIZARÁ O 25 DE MAIO DE 2024**

**Expte: 214/2024**

A promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre é unha das competencias establecidas como propias no artigo 25.2.1) da Lei reguladora de Bases de Réxime Local. Así mesmo, a competencia municipal respecto a esta materia está recoñecida no artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, TÍTULO II, Artigo 8 sobre os concellos indica que exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias, entre outras, fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.

Entenderase por actividade física o exercicio físico desenvolvido co principal obxectivo de mellorar a condición física e/o a ocupación activa do tempo de lecer, e de favorecer o desenvolvemento integral das persoas.

Por isto desde a concellaría de Deportes, Turismo e Xuventude, propónse para o sábado 25 de maio de 2024 unha xornada gratuítas que conxuga diversión, deporte e aventura, para disfrutar dunha actividade diferente e saír da rutina semanal de cara a mellorar a condición física e a ocupación do tempo de ocio e favorecer, por tanto, o desenvolvemento integral das persoas. Así mesmo preténdese dar a coñecer a riqueza medioambiental de cara a súa preservación e respecto por todas as persoas.

Neste caso o rafting no río Miño descende o tramo que vai desde Cequeliños, á altura de Melgaço en Portugal ata Barcela, na zona da Lomba, preto de Arbo e tamén da Cañiza.

Para este evento o Concello, ao non contar con medios persoais e materiais para o desenvolvemento do evento, contratará o servizo cunha empresa especializada.

- 1. LUGAR DE REALIZACIÓN:** Polígono Industrial de Barcela-Arbo (Pontevedra)
- 2. MEDIO DE TRANSPORTE:** O Concello de San Cibrao das Viñas porá a disposición das persoas inscritas medio de transporte de traslado desde o punto de encontro ata o lugar de realización da actividade e posterior traslado ao finalizar a actividade ata o punto de encontro. As horas de saída e volta así como os lugares de recollida serán indicados no anuncio que se publicará para a apertura do prazo de inscrición.
- 3. DATA DE REALIZACIÓN:** Sábado, 25 de maio de 2024 en horario de mañá (4 horas aproximadamente).
- 4. MODALIDADE:** Non competitiva.
- 5. PRESENTACIÓN DE INSCRICIÓN:** A apertura do prazo así como a inscrición realizarase mediante publicación na web do Concello sita en <https://sancibrao.es/es/>
- 6. REQUISITOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES:**
  - a. Saber nadar e ter entre 15 e 25 anos (ambos incluídos).
  - b. No caso dos/das participantes menores deberán presentarse, xunto coa inscrición, a autorización para realizar a actividade anexa a estas normas debidamente cuberta polos pais/nais/titores/as do/da menor acompañando o documento nacional de identidade DNI, NIE, pasaporte ou documento válido en dereito.
  - c. A actividade está dirixida a persoas empadroadas no Concello de San Cibrao das Viñas ou cuxos/as pais/nais ou titores/as legais estean empadroados/as no Concello.
  - d. No caso dos/das participantes menores deberá presentarse, xunto coa inscrición, a autorización para a toma e difusión de imaxes de menores anexa a estas



normas.

- e. Traer toalla, bañador e calzado deportivo (tenis) para mollar.
- f. Útiles para a ducha.

**7. NÚMERO DE PRAZAS:** 55 prazas

**8. INFORMACIÓN:** No departamento de Deportes:

Teléfono: 608275776

correo electrónico: [deportes@sancibrao.es](mailto:deportes@sancibrao.es)

**9. SEGURO:**

Todas as persoas participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba a cargo da empresa especializada.

Quedan excluídos/as os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc.

Tamén quedan excluídos/as os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso de que se atopa en bo estado físico, eximindo, en consecuencia, de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados/as e demais organizadores ou prestadores do servizo.

Coa realización da inscrición, toda persoa participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos

O persoal organizador está facultado para retirar da xornada a calquera persoa participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

**10. MEDIOS POR PARTE DA ORGANIZACIÓN (empresa especializada):**

- a. Calcetíns e neoprenos de 5mm, desde a talla XS ata a XXXL.
- b. Chalecos de flotabilidade e cascos.
- c. Persoal guía titulado.
- d. Vestiarios con duchas interiores de auga quente.
- e. Persoa e vehículo de apoio por terra.
- f. O persoal coordinador do Concello de San Cibrao das Viñas encargarse de recoller nun PEN DRIVE as fotografías da actividade.

**11. PROTECCIÓN DE DATOS**

A/o participante inscrito autoriza e acepta a publicación da súa imaxe, medios de comunicación e internet para a promoción do deporte.

Calquera persoa inscrita poderá indicar na inscrición se acepta ou non a utilización da súa imaxe previa solicitude expresa por escrito.

Todas as persoas participantes, polo feito de inscribirse aceptan estas normas así como as que regulen a xornada, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase polo persoal organizador.

Mediante a súa inscrición a persoa participante consonte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade organizadora para a tramitación, ante a



compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil.

En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, a persoa interesada pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou por medio do correo electrónico [info@sancibrao.es](mailto:info@sancibrao.es)

En San Cibrao das Viñas, na data que figura na marxe.

O concelleiro da área de Deportes, Turismo e Xuventude  
Documento asinado electronicamente



## ANEXO I

D./Dña.....con  
DNI.....e domicilio  
en.....  
pai/nai/tutor/tutora do/da menor con nome.....e  
DNI.....data de nacemento.....idade.....,AUTORIZO, a que  
realice a actividade de RAFTING NO RÍO MIÑO que terá lugar o 25 de maio de 2024  
organizado polo Concello de San Cibrao das Viñas.

Así mesmo, CONFIRMO que o/a menor sabe nadar e que se atopa en bo estado físico:  
\_\_SÍ \_\_NON

En ....., a .....de .....do 2024

Asdo. O pai/nai/titor/a



## ANEXO II

D./Dna. ....con DNI.....pai/nai/titor/titora do/da  
menor.....con DNI.....idade.....data de  
nacemento.....

**DECLARO QUE FUN INFORMADO/A** de que a participación nesta actividade poderá comportar a captación de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico etc. (en diante, "imaxes") da persoa participante na actividade, e a súa publicación a través dos medios de difusión corporativos das iniciativas e actividades do Concello de San Cibrao das Viñas, tales como páxinas web, redes sociais, álbums, informes/documentos derivados da actividade e noutros medios de comunicación social.

Para autorizar ou rexeitar dita captación e publicación de imaxes, que se entenderá feita a título gratuito e sen límite temporal, deberá marcar o recadro correspondente:

- Autorizo a captación e publicación de imaxes**
- NON autorizo a captación e publicación de imaxes**

A continuación inclúese a información básica sobre protección de datos persoais segundo o disposto polo Regulamento (UE) 679/2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais:

<b>INFORMACIÓN AVANZADA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS-SERVIZO DEPORTES</b>
O responsable do tratamento dos datos persoais é CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, con dirección en PRAZA DA CONSTITUCIÓN, 1, 32911-SAN CIBRAO DAS VIÑAS (OURENSE); <a href="mailto:info@sancibrao.es">info@sancibrao.es</a>
1.dpo: O delegado de Protección de datos do CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB SL co que poderá contactar en <a href="mailto:info@sancibrao.es">info@sancibrao.es</a>
2. Finalidade do tratamento: Xestión e difusión da actividade organizada e das políticas públicas orientadas á xuventude, ocio e tempo libre.
3. Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada en interese público. Consentimento outorgado pola persoa interesada ou representante legal.
4. Destinatarios da cesións: os datos facilitados poderán ser obxecto de cesión a terceiros para o cumprimento de funcións directamente relacionadas cos fins lexítimos do Concello de San Cibrao das Viñas.As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente. En concreto, Empresas, provedores e entidades sen ánimo de lucro (fundacións, asociacións, ONGs ...) colaboradoras do Servizo de Deportes do CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS directamente relacionadas coa prestación dos servizos propios deste negociado.
5.Dereitos: CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en <a href="mailto:info@sancibrao.es">info@sancibrao.es</a> , sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.
Se considera que non atendemos correctamente os seus dereitos, poderá formular unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos, a través das seguintes vías: Sede electrónica: <a href="http://www.aepd.es">www.aepd.es</a> ; Correo postal: C/ Jorge Juan 6, 28001-Madrid; Teléfono: 901 100 099-91 266 35 17

E en proba de aceptación e conformidade, asina o presente documento en.....a,  
.....de.....do 2024

Asdo. A persoa participante (só no caso de que teña 14 anos ou máis)

Asdo. A nai/pai/titor/a (se a persoa participante é menor de 14 anos)

